

## EVOCACIÓN DE MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Nunha daquelas tardes invernais nas que á saída do Instituto percorríamos a Praza Maior arriba e abaixo, Xabier Rodríguez Barrio anunciou, “acaba de saír un libro de Manuel Rodríguez López”. Era “A saudade no bulleiro”. Ao escoitar o comentario, un dos rapaces que nos acompañaba, de apelido Cedrón, aclarou, non sen certa fachenda, “é primo meu”. Naquel campo cultural do Lugo e da Galiza do ano 70, Xabier Rodríguez Barrio era o máis imposto en literatura galega e o que nos daba conta das novidades –escasas- que se ían producindo. Foi Xabier quen primeiro nos falou de Uxío Novoneyra, de Arcadio López-Casanova, Bernardino Graña ou Salvador García-Bodaño. E tamén, como dicimos, de Manuel Rodríguez López, quen, decontado se converteu nunha referencia na que mirarnos os rapaces que por entón tiñamos xa algunhas inquedanzas literarias.

Mantivémonos logo atentos á súa traxectoria vital e literaria, de curso discreto pero sempre honesta e coherente, en especial durante a súa dilatada etapa barcelonesa. Entre os títulos que foi dando ao prelo, destacaríamos “Soldada mínima”, na liña da poesía reivindicativa e social do momento, con alusións expresas á crase obreira, algo inusual no noso panorama literario, excepción feita, cremos, de Afonso Pexegueiro, nunha certa altura, e de Xosé Lois García, este si, traballador na SEAT. Relacionado coa industria da automoción aparece tamén o noso protagonista, aínda que non desempeñase oficios mecánicos. (Exerceu de contábel ou xefe administrativo da empresa, OSSA).

A poesía de Rodríguez López é de cerne popular e de expresión clara e directa. Non aparecen nela requintamentos técnicos, complexidades conceptuais nin audacias léxico- expresivas. Sinxela e claramente expresa Manuel Rodríguez o seu sentir. Esa claridade e inmediatez propiciou que varios textos seus fosen musicados por cantautores, de moito xorne naqueles anos nos que importaba máis a mensaxe que a estética, o “que” máis que o “como”. Cantantes como

Suso Vaamonde e Xerardo Moscoso incluíron poemas de Manuel no seu repertorio.

Outramente, Manuel Rodríguez López foi o gran cronista da diáspora galega en Catalunya. Os volumes “Galegos en Catalunya, I e II, constitúen un documentado e riguroso inventario de visitas, actos sociais, culturais, festas, publicacións..., celebrados pola colectividade galega naquel país. Asemade, da súa relación co gran escritor lugués Ánxel Fole e das diversas excursións de entrambos, saíu outro interesante libro, “Viaxes con Ánxel Fole”. Cómpre destacar tamén o recoñecemento e o afecto que recibiu Manuel Rodríguez López na súa vila, Paradela, onde a autoridade municipal lle dedicou a Casa da Cultura e instituíu o premio, para novos creadores, que leva o seu nome.

Evocamos a figura cordial de Manuel Rodríguez López, teimando contra o dogma e a sombra, naquel querido Lugo dos anos setenta, cando eramos ben noviños. Hoxe, máis de corenta anos despois, a cultura galega segue a estar constreñida, desprezada e ameazada. O exemplo de Manuel Rodríguez López, e o de tantos outros, con máis ou menos talento ou sabiduría, debería servirnos para continuar resistindo.

Toda obra artística eríxese nun empeño, acaso inútil, contra a desaparición e o olvido, contra o tempo e a morte. Cando se cumpren vintecinco anos do seu pasamento, a obra de Manuel Rodríguez López permanece viva na mente e no corazón dos seus amigos e lectores. Ese é o seu trunfo.

XULIO L. VALCÁRCEL